

ME MATAN SI NO TRABAJO Y SI TRABAJO ME MATAN + MÉXICO, LA REVOLUCIÓN CONGELADA

1754

Raymundo Gleyzer, 1971 - 1974

ESTREA EN NUMAX: 27.05.2026 | V.O. | 105 min

O 27 de maio sumámonos ao evento internacional "Sembrando a Raymundo" que recorda o cineasta Raymundo Gleyzer no 50 aniversario da súa desaparición a mans da ditadura militar. A sesión inclúe a proxección de dos dos seus documentais máis recordados:

ME MATAN SI NO TRABAJO Y SI TRABAJO ME MATAN

Raymundo Gleyzer | Arxentina | 20 min | 1974

Documental sobre a situación dos obreiros metalúrxicos, que a causa do chumbo e as malas condicións de traballo, enfermaban e morrían de saturnismo. Inclúe unha das derradeiras aparicións públicas do deputado Rodolfo Ortega Peña, asasinado polas forzas paramilitares (AAA), días despois de rematado o filme.

MÉXICO, LA REVOLUCIÓN CONGELADA

Raymundo Gleyzer | Arxentina | 65 min, 1971

Unha profunda análise da realidade socio-política de México, dentro do contexto histórico da Revolución Mexicana. Inclúe material de arquivo da década de 1910, entrevistas con campesiños, políticos, intelectuais, clase media, sindicalistas, etc. Escenas da vida dunha familia indíxena en Chiapas, os seus rituais relixiosos, os seus cultivos, xuízos e escolas bilingües.



ME MATAN SI NO TRABAJO Y SI TRABAJO ME MATAN + MÉXICO, LA REVOLUCIÓN CONGELADA

Raymundo Gleyzer, 1971 - 1974

EUROPEAN
CINEMA
Creative Europe MEDIA

Raymundo Gleyzer, cinema e compromiso político

Por Jorge García

Nado en 1941, tras abandonar os estudos de Económicas, Gleyzer ingresou na carreira de Cine da Prata, realizando en 1962, unha curtametraxe, *El ciclo*. Unha división, posiblemente esquemática, da súa obra, poderíaa dividir en tres grupos: 1) as obras de encarga; 2) os filmes de propaganda e 3) as películas máis privadas, que permiten incluír o seu nome entre os dos realizadores máis valiosos de América Latina.

Entre as primeiras hai que incluír os traballos en conxunto con Jorge Prelorán. As posturas ideolóxicas de Gleyzer e Prelorán eran moi disimiles xa que mentres para Gleyzer o esencial era o contexto político no que transcorrían as historias, Prelorán facía abstracción deses aspectos, interesándose de xeito excluínnte nos seus elementos antropolóxicos. Xuntos realizan *Ocurrió en Hualfin* (1965) ou *Quilino* (1966). Tamén en 1965 Gleyzer rodou *Ceramiqueros de Traslasierra*, centrada nunha muller que se dedicaba a facer cerámicas. En 1966 Raymundo Gleyzer traballou para o noticiero Telenoche, realizando algunhas filmacións brillantes como a da recolección da zafra en Cuba ou *Nuestras Islas Malvinas*, unha mirada e precisa sobre a vida cotiá no lugar que tivo gran repercusión.

Ao seu regreso Gleyzer profunda a súa militancia no PRT (Partido Revolucionario dos Traballadores) que tiña ao ERP (Exército Revolucionario do Pobo) como brazo armado. De inspiración marxista, cuestionaba as ideas da Mocidade Peronista e as organizacións guerrilleiras ligadas a ela en canto a reivindicar a Perón como o líder dunha posible revolución socialista. Gleyzer converteuse nesa época, por medio dalgunhas curtametraxes, no voceiro cinematográfico daquela agrupación e xunto con outros militantes creou o grupo Cine de la Base. Neste período asina *Swift* (1971), *Banade* (1972) ou *Ni olvido ni perdón: la masacre de Trelew* (1972), todas elas obras urxentes e revulsivas. Tamén cómpre salientar a ambiciosa *México, la revolución congelada*, encarga que se converte nunha mirada lúcida e crítica sobre o fracaso da Revolución Mexicana.

Pero a obra esencial de Gleyzer chega en 1973 e en linguaxe de ficción: *Los traidores*. Nela Gleyzer desenvolve a progresiva degradación dun sindicalista, desde os seus comenzos combativos até a súa conversión nun corrupto aliado da patronal. O filme, que non posúe créditos por razóns de seguridade, contou coa presenza de numerosos actores coñecidos e está narrado con gran nervio e intensidade. O final do filme foi cuestionado pola organización á que pertencía o director e tras a súa fugaz estrea, moitos dos participantes nel sufriron persecucións, debendo exilarse varios deles. A última obra de Raymundo Gleyzer foi *Me matan si no trabajo y si trabajo me matan*, unha curta que denuncia a enfermidade e morte por saturnismo dos obreiros dunha fábrica metalúrxica. Intercalando cancións populares e coa presenza de Rodolfo Ortega Peña, quen foi asasinado pola tripla AAA durante a montaxe, o filme é unha acabada mostra do compromiso político do director.

Como complemento da obra de Raymundo Gleyzer pódese ver *Las AAA son las tres armas*, un filme de Jorge Denti, compañeiro seu en Cine de la Base, que ilustra en imaxes fragmentos da carta que Rodolfo Walsh dirixe á Xunta Militar ao ano do golpe e un día antes que fose tiroteado e secuestrado e que termina co pedido pola liberdade de Raymundo Gleyzer, para ese entón xa desaparecido.